



# Poetes itinerants

# Poetas itinerantes

EDITA

© Consello da Cultura Galega, 2017

Pazo de Raxoi, 2º andar, Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

T 981 957 202 • F 981 957 205

correo@consellodacultura.gal

www.consellodacultura.gal

EN COLABORACIÓN

Institut Ramon Llull ([www.llull.com](http://www.llull.com))

© DOS TEXTOS

Anna Gual, Joan Pons, Blanca Llum Vidal

Marilar Aleixandre, Yolanda Castaño, Rosalía Fernández Rial

© DA TRADUCCIÓN

Eduard Velasco

DOI: 10.17075/pipi.2017

*Véns?*

El programa <Poetes itinerants> fa via cap a Galícia i Catalunya. Després que la poesia basca dialogués amb la catalana i amb la gallega, arriba l'hora que veus gallegues i catalanes uneixin els seus versos per oferir-nos un tast de la poètica contemporània que s'està fent en totes dues cultures.

Rikardo Arregi, Iñigo Astiz, Itzaro Borda, Mireia Calafell, Jordi Julià, Jordi Llavina, Miren Agur Meabe, Leire Bilbao, Anxo Angueira, Gonzalo Hermo, Dores Tembrás e Manuel Rivas van deixar el pòsit dels seus versos en els intercanvis del 2015 i 2016. Ara és el torn dels poemes d'Anna Gual, Blanca Llum Vidal, Joan Pons, Marilar Aleixandre, Yolanda Castaño i Rosalía Fernández Rial. Aquestes veus consolidades i noves de les poètiques catalana i gallega es donen la mà en una trobada, a Santiago, que precedeix el recital que se celebrarà el mes de novembre a Catalunya.

Heus aquí versos que viatgen d'anada i de tornada gràcies a un projecte de gran volada promogut per l'Institut Etxepare, l'Institut Ramon Llull i el Consello da Cultura Galega, iniciat a Barcelona el maig del 2015. L'objectiu del programa «Poetes itinerants» consisteix a estrènyer els lligams entre les cultures amb la poesia com a aliada en la construcció d'un espai comú i divers en el qual puguem existir i des del qual puguem parlar amb les nostres pròpies veus. Construir ponts que intercomunicuin les diferents cultures de l'Estat ens permetrà transitar cap a un futur intercultural i multilingüe en el qual totes les veus puguin ser escoltades i sentides com a pròpies. Aquesta publicació es presenta com un esglaó més en aquest camí cap a un diàleg possible en el qual la cultura té molt a dir. Perquè entendre'ns no és només cosa de llengües, sinó també d'acceptar un convit com el que Joan Pons ens ofereix en el poema «Véns?», que apareix en aquestes pàgines:

*Véns?*

*Et mostraré com es diu amor  
en el meu idioma.*

*Vés?*

O programa «Poetas itinerantes» encamiñase cara a Galicia e Cataluña. Logo do diálogo da poesía vasca coas poesías catalá e galega, é o tempo de que voces galegas e catalás unan os seus versos para nos ofrecer unha mostra da poética contemporánea que se está a facer en ambas as culturas.

Rikardo Arregi, Iñigo Astiz, Itzaro Borda, Mireia Calafell, Jordi Julià, Jordi Llavina, Miren Agur Meabe, Leire Bilbao, Anxo Angueira, Gonzalo Hermo, Dores Tembrás e Manuel Rivas deixaron o pouso dos seus versos nos intercambios de 2015 e 2016. Agora é a quenda dos poemas de Anna Gual, Blanca Llum Vidal, Joan Pons, Marilar Aleixandre, Yolanda Castaño e Rosalía Fernández Rial. Estas voces consolidadas e novidosas das poéticas catalá e galega danse a man nun encontro en Santiago que precede o recital que terá lugar no mes de novembro en Cataluña.

Velaquí versos que viaxan de ida e de volta grazas a un proxecto de amplo alento promovido polo Instituto Etxepare, o Instituto Ramon Llull e o Consello da Cultura Galega, iniciado en Barcelona en maio de 2015. O obxectivo do programa «Poetas itinerantes» consiste en estreitar os vncellos entre as culturas coa poesía como aliada na construción dun espazo común e diverso no que existirmos e dende o que falar coas nosas propias voces. Construír pontes que intercomunicuen as diferentes culturas do Estado permitiranos transitar cara a un futuro intercultural e multilingüe no que todas as voces poidan ser escoitadas e sentidas como propias.

Esta publicación preséntase como un chanzo máis nese camiño cara a un diálogo posible no que a cultura ten moito que dicir. Porque entendérmolos non é só cousa de linguas, senón tamén de aceptar un convite como o que Joan Pons nos ofrece no poema «Véns?», que figura nestas páxinas:

*Véns?*

*Et mostraré com es diu amor  
en el meu idioma.*



# Anna Gual

Tradució: Eduard Velasco

Del llibre inèdit *Altres semidéus*

## Espaitemps

Dic en veu alta la paraula *univers*  
i sé que quan l'escoltis notaràs la fascinació  
que em vessava mentre l'escrivia  
perquè sentiràs els enigmes del mot  
col·lapsant-me el cervell.

Notaràs el frenètic registre  
de la freqüència cardíaca i l'alè entretallat  
per la revelació del buit que omple,  
que abraça les zones mortes.

*Univers.*

I això no és ciència, això és pura mística  
que no pot ser documentada  
ni amb xifres  
ni amb lletres.

Som tan idiotes que fem gràcia,  
els humans que ens preguntem.

Do libro inédito *Altres semidéus* (Outros semideuses)

## Espazotempo

Digo en voz alta a palabra universo  
e sei que cando a escoites notarás a fascinación  
que me zumegaba mentres a escribía  
porque has sentir os enigmas da palabra  
colapsándome o cerebro.

Has notar o frenético rexistro  
da frecuencia cardíaca e mais o alento entrecortado  
pola revelación do baleiro que enche,  
que abraza as zonas mortas.

*Universo.*

E isto non é ciencia, isto é pura mística  
que non pode ser documentada  
nin con cifras  
nin con letras.

Os humanos que nos preguntamos  
somos tan idiotas que facemos graza.

Del llibre inèdit *Altres semidéus*

## Sobirania

Les coses petites necessiten parella.

Dos ulls.  
Dues orelles.  
Dos braços.  
Dos turmells.  
Dos colzes.  
Dues mans.  
Dos mugrons.  
Dues cames.  
Dos ovaris.  
Dos testicles.  
Dos genolls.  
Dos peus.

Però la mort, la mort és tan gran  
que només n'hi pot haver una.

Do libro inédito *Altres semidéus* (Outros semideuses)

## Soberanía

As cousas pequenas precisan parella.

Dous ollos.  
Dúas orelas.  
Dous brazos.  
Dous tornecelos.  
Dous cóbados.  
Dúas mans.  
Dúas mamilas.  
Dúas pernas.  
Dous ovarios.  
Dous testículos.  
Dous xeonllos.  
Dous pés.

Mais a morte, a morte é tan grande  
que tan só pode haber unha.

Del llibre *El tubercle*, 3i4 Edicions, València, 2016

## L'hivernar de l'ós

Em vaig enamorar  
del cordó umbilical.

Em donava els requeriments,  
me'ls oferia a la boca.

Ara visc en l'enyor perpetu  
de totes les vides  
a què m'hauria pogut amarrar  
amb aquell conducte  
de carn i visions.

La meva mare  
encara no sap  
de les pintures rupestres  
que li vaig dibuixar  
a la paret uterina.

Do libro *El tubercle* (O tubérculo), 3i4 Edicions, València, 2016

## A hibernación do oso

Namorei  
do cordón umbilical.

Dábame os requirimentos,  
ofrecíamos na boca.

Agora vivo na saudade perpetua  
de todas as vidas  
ás que me tería podido amarrar  
con aquel conduto  
de carne e visións.

A miña nai  
aínda non sabe  
das pinturas rupestres  
que lle debuxei  
na parede uterina.

Del llibre *Molsa*, AdiA Edicions, Mallorca, 2016

## Ruderal

Reneix la menudesa  
de l'ímfim.

Reposa al costat de la carretera,  
a la riba del bloqueig mental.  
Quina determinació,  
la de la petita planta que creix a la cuneta,  
incomodant el ciment que l'escanya.

Rupestre fins al moll de l'os,  
em desvisc per intimar  
amb aquesta planta,  
per animar-la a no decaure,  
per copiar-li el gest guanyador.

Unes semblances  
inventades.

Un impuls vegetal que ja és meu.

Do libro *Molsa* (Carriza), AdiA Edicions, Mallorca, 2016

## Ruderal

Renace a miudeza  
do ínfimo.

Repousa ao lado da estrada,  
na ribeira do bloqueio mental.  
Que determinación,  
a da pequena planta que medra na cuneta,  
incomodando o cemento que a esgana.

Rupestre ata a cerna dos ósos,  
desvívome por intimar  
con esta planta,  
para a animar a non decaer,  
para lle copiar o aceno gañador.

Unhas semellanzas  
inventadas.

Un impulso vexetal que xa é meu.

Del llibre *Implosions*, LaBreu Edicions, Barcelona, 2008

## Hipertensió

La pressió  
sempre ha estat elevada  
al nivell en el que em moc.

Perquè si no arrisco no visc  
i si no visc no té sentit escriure  
i com viure sense escriure?

Així que la pressió  
sempre ha estat elevada  
al nivell en el que em moc,  
perquè vull escriure, i no hi ha escrit sincer  
sense que el cap del que escriu  
exploti.

I per això tot el que faig  
és a pressió i porta problemes,  
perquè els problemes  
són moviment, són lluita, són motor.

I per això tot el que faig  
és a pressió i porta problemes,  
perquè els problemes són inspiració.

I el viure surant  
que se'l quedi un altre, que jo vull  
menjar terrossos de terra.

Do libro *Implosions* (Implosións), LaBreu Edicions, Barcelona, 2008

## Hipertensión

A presión  
sempre foi elevada  
no nivel no que me movo.

Porque se non arrisco non vivo  
e se non vivo non ten sentido escribir  
e como vivir sen escribir?

Así que a presión  
sempre foi elevada  
no nivel no que me movo,  
porque quero escribir, e non hai escrito sincero  
sen que a cabeza do que escribe  
estoupe.

E por iso todo o que fago  
é a presión e trae problemas,  
porque os problemas  
son movemento, son loita, son motor.

E por iso todo o que fago  
é a presión e trae problemas,  
porque os problemas son inspiración.

E que quede outro  
co vivir aboiando, que eu quero  
comer terróns de terra.



I la cuirassa transparent  
que la vesteixi un altre, que jo vull  
enganxar-me  
els dits a cada porta,  
que jo vull entrar a un tornado i donar voltes  
i tirar-me a un riu cabalós  
i que se m'emporti.  
La probabilitat de quedar-m'hi  
sempre ha estat elevada  
al nivell en el que em moc,  
perquè si vull escriure he de viure i no patir  
per si se'm para el cor.

E a coiraza transparente  
que a vista outro, que eu quero  
trillar  
os dedos en cada porta,  
que eu quero entrar nun tornado e dar voltas  
e tirarme a un río caudaloso  
e que me leve.  
A probabilidade de quedarme nel  
sempre foi elevada  
no nivel no que me movo,  
porque se quero escribir teño que vivir e non sufrir  
por se se me para o corazón.

De *L'illa dels arbres vençuts*, AdiA Edicions, 2016

### Intrús

La frontera la marcava  
un riu i un dialecte.  
Travessar-la representava  
entrar en un altre món misteriós  
que es trobava a l'oest de l'est.  
Jo, que venia del centre,  
del cor muntanyós  
de l'illa esquerpa,  
m'enredava amb els mots  
i amb l'entonació.  
L'esquelet de la balena  
compartia les voltes  
de catedral amb el fetus  
i el vampir.  
Era un lloc perillós  
i prohibit.  
Només obrien les portes  
un dia de cada mil.  
Les ànfores recuperades  
del fons de la mar  
guardaven el vi ressec del passat  
i cavallers i prelats  
ens esguardaven

De *L'illa dels arbres vençuts* (A illa das árbores vencidas), AdiA Edicions, 2016

### Intruso

A fronteira marcábaa  
un río e un dialecto.  
Cruzala representaba  
entrar noutro mundo misterioso  
que se atopaba ao oeste do leste.  
Eu, que viña do centro,  
do corazón montañoso  
da illa fragosa,  
enredábame coas palabras  
e coa entoación.  
O esqueleto da balea  
compartía as bóvedas  
da catedral co feto  
e o vampiro.  
Era un lugar perigoso  
e prohibido.  
Só abrían as portas  
un día de cada mil.  
As ánforas recuperadas  
do fondo do mar  
gardaban o viño reseco do pasado  
e cabaleiros e prelados  
ollaban para nós

per passadissos i escalars.  
El fantasma de Ramon Llull  
predicava solitari  
dins els corredors enclaustrats.  
Escrivia com un boig  
a les parets barroques  
recobertes de rajola valenciana  
i bevia aigua de la cisterna  
purificada per les diligents  
anguiles:

*Les condicions d'amor són  
que l'amic sia sofrent, pacient, humil,  
temorós, diligent, confiant,  
e que s'aventur a grans perills,  
a honrar son amat.*

Açò he intentat fer,  
amb una folla constància.

por pasadizos e escaleiras.  
O fantasma de Ramon Llull  
predicaba solitario  
nos corredores enclaustrados.  
Escribía coma un tolo  
nas paredes barrocas  
recubertas de azulexos valencianos  
e bebía auga da cisterna  
purificada polas dilixentes  
anguías:

*As condicións de amor son  
que o amigo sexa sufrido, paciente, humilde,  
temoroso, dilixente, confiado,  
e que se aventure a grandes perigos,  
a honrar o seu amado.*

Iso tentei facer,  
cunha louca constancia.

De *L'illa dels arbres vençuts*, AdiA Edicions, 2016

## La casa blanca

La casa era blanca.  
La pintaven de nou,  
a l'agost.  
Quan hi havia un mort,  
la tornaven a emblancar.  
La pintava el mort,  
abans de marxar;  
amb la calç amarada dels seus ossos.

De *L'illa dels arbres vençuts*, AdiA Edicions, 2016

## Semblava la mort

Gandia 2010

Semblava un ocell mort i era una fulla seca.  
Semblava un lladre i era l'ombra d'un arbre.  
Semblava un atac de cor i era una rampa.  
Semblava un tumor maligne i era una piga.  
Semblava la mort i era la mort.

De *L'illa dels arbres vençuts* (A illa das árbores vencidas), AdiA Edicions, 2016

## A casa branca

A casa era branca.  
Pintábana de novo  
en agosto.  
Cando había un morto  
volviana branquear.  
Pintábaa o morto  
antes de marchar;  
co cal enchoupado dos seus ósos.

De *L'illa dels arbres vençuts* (A illa das árbores vencidas), AdiA Edicions, 2016

## Semellaba a morte

Gandia 2010

Semellaba un paxaro morto e era unha folla seca.  
Semellaba un ladrón e era a sombra dunha árbore.  
Semellaba un ataque ao corazón e era unha cambra.  
Semellaba un tumor maligno e era unha penca.  
Semellaba a morte e era a morte.

Inèdit, del volum en construcció *Illes salvatges*

## Males herbes treuen flors

A Antònia Vicens, tots els déutes  
están pagats.

*No hi ha cavallers més antics  
que els jardiniers, els cavadors i els  
fossers: segueixen la professió d'Adam.*

HAMLET. WILLIAM SHAKESPEARE

El jardiner deixa créixer els lletsons al jardí.  
No els arrabassa.  
El propietari del jardí el renya. Ha de treure les males herbes.  
Ha d'arrabassar-les.  
És la seva màxima obligació com a jardiner.  
Treure les males herbes.  
El jardiner arrenca els lletsons amb el càvec.  
Els lletsons tornen a néixer amb el temps.  
El propietari del jardí el renya encara més irritat.  
Són males herbes a pesar de les vistoses  
flors grogues.

El jardiner les torna a arrabassar.  
L'aire fa olor de terra cavada i, les mans  
del jardiner, fan olor de blat esmicolat.  
Tornaran els ocells amb el pol·len  
a les ales.

Inèdito, do volume en construción *Illes salvatges* (Illas salvaxes)

## Malas herbas botan flores

A Antònia Vicens, todas as débedas  
están pagas.

*Non che hai fidalguía máis vella  
que a dos xardineiros, os cavadores e os  
sepultureiros. Continúan o oficio de Adán.*

HAMLET. WILLIAM SHAKESPEARE

O xardineiro deixa medrar as leitarugas no xardín.  
Non as arrinca.  
O propietario do xardín rífalla. Ten que quitar as malas herbas.  
Ten que as arrigar.  
É a súa máxima obriga como xardineiro.  
Quitar as malas herbas.  
O xardineiro arrinca as leitarugas co sacho.  
As leitarugas volven nacer co tempo.  
O propietario do xardín rífalla aínda máis irritado.  
Son malas herbas a pesar das vistosas  
flores amarelas.

O xardineiro vólveas arrigar.  
O aire recende a terra cavada e as mans  
do xardineiro recenden a trigo esfarelado.  
Han volver os paxaros co pole  
nas ás.

Inèdit, del volum en construcció *Illes salvatges*

## Véns?

Véns? No tenguis por. T'estimaré.  
T'agafaré de la mà i et mostraré  
les qualitats de l'illa, les fonts fresques,  
els pous salats, els erms, la terra fèrtil,  
els aiguamolls, les platges, les cales secretes,  
les coves de marès, les marines, les basses verdes,  
els penyals, les pedreres, les penyes,  
els codolars, els macars, les pinedes,  
els barrancs, els canalons, les barbicanes,  
les moles, els freus, les balmes.  
Véns?  
Et mostraré com es diu amor  
en el meu idioma.

Inédito, do volume en construción *Illes salvatges* (Illas salvaxes)

## Vés?

Vés? Non teñas medo. Querereite.  
Collereite da man e mostrareiche  
as calidades da illa, as fontes frescas,  
os pozos salgados, os ermos, a terra fértil,  
as brañas, as praias, as calas secretas,  
as covas de marés, as matogueiras, as balsas verdes,  
os penedos, as pedreiras, as penas,  
os pedregais, os coídos, os piñeirais,  
os barrancos, as canles, as cavernas,  
as lombas, os canais, as grutas.  
Vés?  
Mostrareiche como se di amor  
no meu idioma.



# Blanca Llum Vidal

Tradución: Eduard Velasco

Inèdit

## VII

Concentra't i digues, suposada llumera  
en manifesta misèria, concentra't i digues

on t'és el final si ni crim ni naufragi  
han bastat per fer miques la nit?

Bressola't i digues on t'és l'evidència de l'alba,  
on t'és el verb absolut,  
on t'és la durada.  
Bressola't i digues on es desperta la força,  
on s'esgota el costum,  
on se separen «jo» i «tu» i per on es busquen.  
Bressola't i digues per què l'impossible et deslliura,  
per què la paraula et fa d'arca o l'és tota,  
per què es defensa la pàgina.  
Bressola't i digues qui eixampla el redol,  
qui posa en dubte la torre,  
qui és qui ajunta les aigües.  
Bressola't i digues com dius el contrari,  
com dius filferrat,  
com dius sempre viva.  
Bressola't i digues si vols el fantasma,  
si vols una màscara o cap o en vols mil.

Inédito

## VII

Concéntrate e di, suposta luz  
en manifesta miseria, concéntrate e di

onde che está o final se nin crime nin naufraxio  
chegaron para esnaquizar a noite?

Abanéate e di onde che está a evidencia do amencer,  
onde che está o verbo absoluto,  
onde che está a duración.  
Abanéate e di onde esperta a forza,  
onde se esgota o costume,  
onde se separen «eu» e «ti» e por onde se buscan.  
Abanéate e di por que o imposible te libera,  
por que a palabra che fai de arca ou éa toda,  
por que se defende a páxina.  
Abanéate e di quen ensancha a contorna,  
quen pon en dúbida a torre,  
quen é quen xunta as augas.  
Abanéate e di como dis o contrario,  
como dis aramado,  
como dis sempre viva.  
Abanéate e di se queres o fantasma,  
se queres unha máscara ou ningunha ou queres mil.

Bressola't i digues, tu que pareixes sentit,  
si aquella sola carn dins la nit  
et diu «té» o et diu «no» o et pregunta.

A tu no que no et feien els petons d'adormida  
perquè no t'ensenyorissis.  
A tu te'ls feien desperta i ara no calles ni caus  
però tens la força tronada i et desestufes aviat  
i enyores molt i plores ràpid i escrius convençuda  
i no tant potser no has entès de què anava la muda  
ni què vol dir l'altre repte; potser has mal llegit  
aquesta cosa de l'entre i aquesta flor que no és una,  
però escrius exposada i valenta amb un pal a la mà,  
que, per salvar dos ocells, atuparàs dues gates.

No hi ha pronom per lligar-nos:  
ens hem confiat a una nostredat estrangera

però l'amor nostre diu teu i diu meu, amor meu,  
i ens contradiu i se'n riu, de la inversió feta norma.  
Vine, amor meu, que escoltarem la proposta i la protesta  
contra l'ésser-per-a-la-mort, néixer dos cops;  
contra el viure que mata, escriure després i pel núvol  
i que l'exili antiquíssim, oh rebrot meu, sigui bàlsam i no bandera.

Serà des d'aquí, que serem acusats d'insolents amb la casa.

Serà des d'allà, que udolarem enfosquits  
i que podrem ensumar-nos i fugir-nos per dins  
i fer una entrada a cavall i ser tan petits  
i parlar tan fluixet que farem molta nosa.

Abanéate e di, ti que semellas sentido,  
se aquela soa carne na noite  
che di «toma» ou che di «non» ou che pregunta.

A ti que non che daban os bicos de durmida  
para que non te enseñorases.  
A ti dábanchos esperta e agora non calas nin caes  
mais tes a forza escangallada e desínchaste axiña  
e tes moitas saudades e choras rápido e escribes convencida  
e non tanto –se cadra non entendiches de que ía a muda  
nin que quere dicir o outro reto; quizais liches mal  
esta cousa do entre e esta flor que non é unha–,  
mais escribes exposta e valente cun pau na man,  
que, por salvar dous paxaros, has mallar en dúas gatas.

Non hai pronome para nos ligar:  
confiámonos a unha nosidade estranxeira

mais o amor noso di teu e di meu, meu amor,  
e contradinos e rise da inversión feita norma.  
Ven, meu amor, que escoitaremos a proposta e a protesta  
–contra o ser-para-a-morte, nacer dúas veces;  
contra o vivir que mata, escribir despois e pola nube–  
e que o exilio antiquísimo, ó meu rebento, sexa bálsamo –e non bandeira.

Hannos acusar desde aquí de sermos insolentes coa casa.

Habemos ouvear desde alá escurecidos  
e habémonos poder cheirar e fuxirnos por dentro  
e facer unha entrada de a cabalo e ser tan pequenos  
e falar tan baixiño que molestaremos moito.



Inèdit

## Raor de raó

Érem bocins de lluna morta  
i no quèiem al pou, ens hi tiràvem.  
Si no dormíem, que no dormíem,  
decidíem tallar-nos amb destrals de raó.  
Segats d'enmig, amb horitzons diferents  
i desfets de maneres, no érem ni andrògins.  
I a la follia, guardiana amiga,  
la fèiem inversa: més folla que folla  
i tan folla que no, que ni enfollia.  
Cavalca, infinita, cavalca, i sigues fang  
sense costella i sigues pols sense principi.  
Però de nit la traíem: li obríem la porta  
i au vés, vés-hi amb consciència,  
havíem gosat poder dir-li.  
I nosaltres pensant. I nosaltres petits,  
però ocupant massa, recordàvem  
la marca i no l'escàndol.  
Tocàvem la crosta i oblidàvem  
que endins no era el mal, sinó el cor  
qui s'atrevia a eixamplar-se.  
Si volíem curar-nos la cura era curta  
i tan curta no es veia.  
Per això ens estripàvem: per veure  
que enlloc s'hi fan arrels,  
per veure que enlloc hi ha lloc sabut  
ni terra natal ni terra prohibida.  
I alletàvem, això sí, alletàvem l'inici.

Inédito

## Faca de razón

Eramos anacos de lúa morta  
e non cañamos no pozo, tirabámonos.  
Se non durmíamos, que non durmíamos,  
decidíamos cortarnos con machados de razón.  
Segados polo medio, con horizontes distintos  
e desfeitos de maneiras, non eramos nin andróxinos.  
E a loucura, gardiá amiga,  
faciámola inversa: máis louca ca louca  
e tan louca que non, que nin enlouquecía.  
Cabalga, infinita, cabalga, e sé barro  
sen costela e sé po sen principio.  
Mais de noite traizoabámola: abriámoslle a porta  
e veña vai, vai con consciencia,  
ousaramos poderlle dicir.  
E nós a pensar. E nós pequenos,  
mais ocupando demasiado, lembrabamos  
a marca e non o escándalo.  
Tocabamos a cotra e esquecíamos  
que cara dentro non estaba o mal, senón o corazón  
que se atrevía a ensancharse.  
Se queríamos sandar a cura era curta  
e tan curta non se vía.  
Por iso resgabámonos: para ver  
que en ningures se botan raíces,  
para ver que en ningures hai lugar sabido  
nin terra natal nin terra prohibida.  
E aleitabamos, iso si, aleitabamos o inicio.

I a la raó: cavalca, infinita, cavalca, i sigues tall, sí, sigues destrat, però amb insurgència.  
I el món va fer lloc a un cos petit.  
I avesats a trencar-nos, va ser que no.

Inèdit

## Una mena de manera

«et la verité, comme on sait, sort de la  
bouche des enfants»

IVAN SEGRÉ

Hi ha una mena de manera de dir que, justament perquè diu “aquella mena de manera” no del que sigui, però sí de molt i d’un molt bastant ample i bastant esquerdat, és una mena de manera que és de saviesa i és de tendresa o d’alguna barreja semblant. Aquesta mena de manera de demanar pel misteri i aquesta mena de manera de fer-lo reviure per terra amb la seva trencadissa felicitat. Aquesta mena de manera d’estimar-te el defecte petit. Aquesta mena de manera d’escoltar que no se sap què vol dir aquesta cosa que tinc, però que deu ser la nostra mena de manera, la seva i la meva, de saber que abans érem peix i de saber-ho del tot i tan separats com estem. Aquesta mena de manera de tenir por i de tenir-la tan grossa que només s’espassa amb el riure transparent d’una nit que obre els cors i les cases i que és una nit de pregunta i d’incerta revolta. Aquesta mena de manera de voler explicar que, allò que has vist, ho has ben vist i que és d’una mena de manera... I la veritat, és sabut i s’ha dit, surt de la boca dels nens.

E á razón: cabalga, infinita, cabalga, e sé corte, si, sé machado, mais con insurxencia.  
E o mundo fíxolle oco a un corpo pequeno.  
E afeitos a nos romper, foi que non.

Inédito

## Un xeito

«et la verité, comme on sait, sort de la  
bouche des enfants»

IVAN SEGRÉ

Hai un xeito de dicir que, xustamente porque di que “ese xeito” non do que sexa, mais si de moito e dun moito bastante amplo e bastante fendido, é un xeito que é de sabedoría e é de tenrura ou dunha mestura semellante. Este xeito de preguntar polo misterio e este xeito de o facer revivir polo chan coa súa crebadura feliz. Este xeito de lle querer ao defecto pequeno. Este xeito de escoitar que non se sabe o que quere dicir esta cousa que teño, mais que debe ser o noso xeito, o seu e mais o meu, de sabermos que antes eramos peixe e de o sabermos de todo e tan separados como estamos. Ese xeito de ter medo e de o ter tan grande que só pasa co riso transparente dunha noite que abre os corazóns e as casas e que é unha noite de pregunta e de incerta revolta. Ese xeito de querer explicar que, o que viches, víchelo ben e que é dun xeito... E a verdade, sábese e díxose, sae da boca dos nenos.

De *Punyetera flor*, LaBreu Edicions, 2014

## Un sol fil

Com un sol fil  
des del melic, beu.  
En un sol fil  
llavi i turmell, junt.  
Per un sol fil  
corre la nou, fill.  
Amb un sol fil  
fes-me una trena, va.  
Com un sol fil  
sia'm els pols, tants.  
En un sol fil  
posa-hi la nit, tu.  
Per un sol fil  
vine amb el sol, cec.  
Amb un sol fil  
pensa en l'amor, mal  
i en una història  
en un desert  
i en una pedra  
en un replà  
i en una corda  
en una forca  
i en un esquer  
i un fil que tiba.

De *Punyetera flor* (Pillabana flor), LaBreu Edicions, 2014

## Un fío só

Coma un fío só  
desde o embigo, bebe.  
Nun fío só  
beizo e nocello, xunto.  
Por un fío só  
corre a noz, fillo.  
Cun fío só  
fai-me unha trena, veña.  
Coma un fío só  
sé-me as tempas, tantas.  
Nun fío só,  
ponlle ti a noite, oíches.  
Por un fío só  
ven canda o sol, cego.  
Cun fío só  
pensa no amor, mal  
e nunha historia  
nun deserto  
e nunha pedra  
nun relanzo  
e nunha corda  
nunha forca  
e nun engado  
e un fío que turra.

De *La cabra que hi havia*, Documenta Balear, 2009

## Talaiot

Som perfectament conscients,  
de cor, de l'existència  
de la pell i del verí quan se li clava,  
del buirac del propi cos,  
del plaer d'entre les cames  
i del cervell mirant muntanyes.

Som del tot de vida quan ens morim.  
Som del tot figura quan som abstractes.  
Som del tot reals quan no ens veiem.  
Som. Som l'adagi de les pedres.  
Som les mans a cop de sílex.

Som perfectament conscients,  
de tot, de l'amplitud  
de les onades i de la força de la mar,  
del ventet de tramuntana,  
de la foscor de dins la cova  
i del sol que hi fot a fora.

Som del tot antics quan no hi ha rastre.  
Som la boca i la cançó que ja no es veu.  
Som. Som el pont de ser pastors.  
Som el vers que queda a l'aire...

De *La cabra que hi havia*, (A cabra que había), Documenta Balear, 2009

## Talaiot

Somos perfectamente conscientes,  
de corazón, da existencia  
da pel e do veneno cando se lle crava,  
da alxaba do propio corpo,  
do pracer de entre as pernas  
e do cerebro mirando montañas.

Somos de todo de vida cando morremos.  
Somos de todo figura cando somos abstractos.  
Somos de todo reais cando non nos vemos.  
Somos. Somos o adaxio das pedras.  
Somos as mans a golpe de sílex.

Somos perfectamente conscientes,  
de todo, da amplitude  
das ondas e da forza do mar,  
do ventiño de tramontana,  
da escuridade de dentro da cova  
e do sol que bate fóra.

Somos de todo antigos cando non hai rastro.  
Somos a boca e a canción que xa non se ve.  
Somos. Somos a ponte de ser pastores.  
Somos o verso que queda no aire...

# M

## Marilar Aleixandre

Traducció: Eduard Velasco

Inédito, do libro en proceso *Malasherbas*

### ortiga

*Start again from nothing and scrape  
since scraping is now part of us*

MOYA CANNON, *SCRÍOB*

na man o gume en bisel  
pelo de ortiga  
escravellar nas entrañas  
engarrando o poema

a palabra precisa  
–non, esa non–  
doe como as moas  
ao derraigala

coller a vea na puga,  
enfermeiras,  
circulan os velenos  
a través da súa luz sutil  
de agulla hipodérmica

enfiando febras de ortiga  
tecín camisas inacabadas  
para os meus irmáns

Inèdit, del llibre en procés *Malasherbas* (Malesherbes)

### ortiga

*Start again from nothing and scrape  
since scraping is now part of us*

MOYA CANNON, *SCRÍOB*

a la mà el tall en biaix  
pèl d'ortiga  
gratar a les entranyes  
enganxant el poema

la paraula justa  
–no, aquesta no–  
fa mal com els queixals  
en arrencar-la

agafar la vena en la pua,  
infermeres,  
circulen els verins  
a través de la seva llum subtil  
d'agulla hipodèrmica

enfilant fibres d'ortiga  
vaig teixir camises inacabades  
perquè els meus germans

se volver humanos,  
a punta da urticante  
asina con ácido fórmico,  
cada sarabullo  
unha puntada de amor

cun pelo de ortiga  
escribín o teu nome  
tireino de debaixo da pel

en castigo por escribir poemas  
esganei coas agullas da ortiga  
por iso cuspo  
estelas de vidro  
por iso a voz  
sabe a sangue

Inédito, do libro en proceso *Malasherbas*

### herba da Pampa

déixanse embelecar  
polas dondas cabezas moneando  
avoas durmiñentas  
porén, a cortadeira  
o gume azul prateado

agocha nas saias  
das facas

vinganza das colonizadas  
maldición dos mapuches  
atravesando séculos,

es tornessin humans,  
la punta de la urticant  
signa amb àcid fòrmic,  
cada granellada  
una puntada d'amor

amb un pèl d'ortiga  
he escrit el teu nom  
me l'he tret de sota la pell

en càstig per escriure poemas  
m'he ennuogat amb les agulles de l'ortiga  
per això escupo  
estelles de vidre  
per això la veu  
fa gust de sang

Inèdit, del llibre en procés *Malasherbas* (Malesherbes)

### herba da Pampa

es deixen entabanar  
pels caps suaus que capcinegen  
àvies endormiscades  
tanmateix, la cortadèria  
el tall blau platejat

amaga dins les faldilles  
dels coltells

venjança de les colonitzades  
maledicció dels maputxes  
travessant segles,

desde a guerra do non-deserto  
tamén os nomes son armas de guerra

enunciamos os nomes:  
nación mapuche  
nación ranquel  
nación tehuelche  
Puelmapu, a nosa terra

está escrito  
“ao amparo destes principios,  
a superioridade intelectual  
as aspiracións dunha raza moza e emprendedora,  
quitáronse estas terras novas  
á raza estéril que as ocupaba”  
tamén os nomes son armas de guerra

separando mulleres de homes  
da raza estéril  
en Bos Aires  
entregando as mulleres ás familias desta cidade  
pola Sociedade de Beneficencia  
confinando os homes no Hotel de Inmigrantes  
tamén os nomes son armas de guerra

os nomes arrebatados  
Mañke, Kintukewun, Wangküy  
por Manuela, Nicolasa, Mercedes

a cortadeira non é estéril  
cada planta un millón de sementes  
espalladas sobre arrós e valados  
vingando as colonizadas

des de la guerra del no-desert  
també els noms són armes de guerra

n'enunciem els noms:  
nació maputxe  
nació ranquel  
nació tehueltxe  
Puelmapu, terra nostra

està escrit  
«a l'empara d'aquests principis,  
la superioritat intel·lectual  
les aspiracions d'una raça jove i emprendedora,  
es manllevaren aquestes terres noves  
a la raça estèril que les ocupava»  
també els noms són armes de guerra

separant dones d'homes  
de la raça estèril  
a Buenos Aires  
entregant les dones a les famílies d'aquesta ciutat  
per la Societat de Beneficència  
confinant els homes a l'Hotel d'Immigrants  
també els noms són armes de guerra

els noms arrabassats  
Mañke, Kintukewun, Wangküy  
per Manuela, Nicolasa, Mercedes

la cortadèria no és estèril  
cada planta un milió de llavors  
escampades sobre marges i tanques  
venjant les colonitzades

na serradela, no trevo, no xoio,  
bisbando os nomes desde as Salinas Grandes,  
Poitahué, Neuquén, Leubucó  
coas nosas bocas sen lingua

Publicado en *Grial*, 2017

### a nai á filla que quere escribir poemas

tira sen medo  
co sobro  
unha palabriña  
unha soa palabra de máis  
pode estragar un poema

atende ao ritmo  
deixa as palabras cantaren  
mide, mide sen tregua

cóidate dos adxectivos  
perseguirante cos seus enganosos cantos  
non te deixes seducir  
polas súas tremelucientes  
escamas

isto di  
desde a outra beira da Estixe  
confundida a súa tenue sombra  
cos espectros, coas multitude ingrávidas

en la serradella, en el trèvol, en la zitzània,  
xiuxiuejant-ne els noms des de les Salinas Grandes,  
Poitahué, Neuquén, Leubucó  
amb les nostres boques sense llengua

Publicat a la revista *Grial*, 2017

### la mare a la filla que vol escriure poemes

llença sense por  
les sobres  
un mot  
una sola paraula de més  
pot fer malbé un poema

atén el ritme  
deixa que les paraules cantin  
mesura, mesura sense treva

vés amb compte amb els adjectius  
et perseguiran amb els seus cants enganyosos  
no et deixis seduir  
per les seves llampegants  
escates

això diu  
des de l'altra riba de l'Estígia  
confosa la seva ombra tènue  
amb els espectres, amb les multituds ingràvides



e continúa  
con voz que se vai perdendo  
no bruar do Aqueronte:  
cisma, cisma en procurar  
a palabra precisa

logo miña nai, tan nova,  
rachou un por un todos os poemas que escribira  
os fragmentos diminutos  
esváense como espuma da ferverenza

Do libro *Desescribindo*, Apiario, 2016

### as cordas do violín

repara:  
as cordas do teu violín  
arricáronas das miñas tripas  
para os cabos do mi  
usaron tres cordas vocais  
entregadas en troco  
de dúas pernas

como todo no corpo das baleas  
o *catgut* é versátil  
pode vibrar creando  
complexa harmonía  
ou enfiado  
suturar o corte  
da cirurxiá

i continua  
amb veu que es va perdent  
en els brams de l'Aqueront:  
rumia, rumia per trobar  
la paraula exacta

després, ma mare, tan jove,  
va estripar un per un tots els poemas que havia escrit  
els fragments minúsculs  
s'esvaeixen com l'escuma de la cascada

Del llibre *Desescribindo* (Desescrivint), Apiario, 2016

### les cordes del violí

adona-te'n:  
les cordes del teu violí  
me les han arrencades del ventre  
per a les cordes del mi  
han fet servir tres cordes vocals  
lliurades en bescanvi  
de dues cames

com tot en el cos de les balenes  
el *catgut* és versàtil  
pot vibrar creant  
complexa harmonia  
o enfilat  
suturar el tall  
de la cirurgiana

Do libro *Desescribindo*, Apiario, 2016

## meu pai repróchame que traizoe a súa lingua

nin sequera un libro  
na lingua que eu che aprendín  
gran a gran de uva,  
nas madrugadas ascendiamos á serra  
desfechando fiestras da alba  
limpando o aire  
de faragullas nocturnas,  
oliva a oliva e pan candeal,  
as árbores retortas  
marcaban camiños dereitos

cadaquén empéñase  
en matar o pai  
falar con voz propia  
mais era necesario traizoar a miña lingua?  
a túa?

no canto dos bocados deliciosos,  
*zangolotina, gurriato*,  
que puxen na túa boca  
coa miña  
ese empeño en abanear oliveiras doutros  
ouxar baixo os móbeis do faiado  
á procura da imaxinería escachada

chegada a miña hora  
ao menos un libro  
débesme un

Del llibre *Desescribindo* (Desescrivint), Apiario, 2016

## mon pare em retreu que traeixi la seva llengua

ni tan sols un llibre  
en la llengua que jo et vaig ensenyar  
gra a gra de raïm,  
en les matinades pujàvem a la serra  
obrint finestres de l'albada  
neteçant l'aire  
d'engrunes nocturnes,  
oliva a oliva i pa blanc,  
els arbres retorçats  
marcaven camins drets

cadascú s'entossudeix  
a matar el pare  
parlar amb veu pròpia  
però calia traïr la meua llengua?  
la teua?

en comptes dels mossos deliciosos,  
*zangolotina, gurriato*,  
que vaig posar a la teua boca  
amb la meua  
aquest afany a batollar oliveres d'altres  
escodrinhar sota els mobles de les golfes  
en busca de la imatgeria esmicolada

arribada la meua hora  
si més no un llibre  
me'n deus un

de min aprendiches  
a contar historias  
estás destinada a relatar  
a lazada no xardín de Pavlovsk  
ao escacharen termómetros  
o palacio da tsarina  
á beira do Ladoga  
todo o que parecía imaxinario e distante  
sendo cruamente real  
e tan próximo  
da cidade asediada

Do libro *Mudanzas*, PEN Clube - Caixanova, 2007,  
reeditado en *Mudanzas e outros velenos*, Galaxia, 2017

## o territorio da cociña

*parte chimpan en fondos caldeiros  
parte estrala nos espetos; o cuarto  
pinga sangue*

METAMORFOSES, VI, 645-646

a cociña foi decretada  
o teu territorio  
para que nela gobernases  
a xeometría das patacas  
o aliñamento das tixolas  
o estricto calibre da fariña

de mi vas aprendre  
a explicar històries  
estàs destinada a relatar  
la gebrada al jardí de Pavlovsk  
quan s'esbocinen termómetros  
el palau de la tsarina  
a la vora del Làdoga  
tot allò que semblava imaginari i distant  
sent cruament real  
i tan proper  
de la ciutat assetjada

Del llibre *Mudanzas* (Carvis), PEN Clube - Caixanova, 2007,  
reeditat a *Mudanzas e outros velenos* (Carvis i altres verins), Galaxia, 2017

## el territori de la cuina

*i en va a raure una part a les olles de  
bronze; la resta a les graelles cruix, i els  
coàguls embruten la cripta.*

METAMORFOSES, VI, 645-646

la cuina fou decretada  
el teu territori  
perquè hi governessis  
la geometria de les patates  
l'arreglrament de les paelles  
l'estricta calibre de la farina

ninguén disputa a Progne  
o adubo dos anacos de seu fillo  
antes de espetalos no asadeiro  
para uns vinganza contra Tereo  
para outros signo de hospitalidade

entón contra quen tomar a requesta  
se tes as mans anoadas nos panos de mesa?  
os cortes nos teus dedos son testemuñas de amor  
a cebola e nada máis a causa das bagullas  
ti mesma levantaches espeques con garfos

cando amorosamente piques en anaquiños os teus dedos, as  
túas orellas  
rustríndoos con prixel e ourego  
cando mestures o sangue co amoadado das filloas  
non deixes de situar no medio da fonte os delicados peitos  
de adubar o sexo con especias  
ao teu xeito, a cociña  
é o teu territorio, o teu reino

ningú disputa a Procne  
l'assaonament dels trossos del seu fill  
abans de clavar-los a l'ast  
per a uns venjança contra Tereu  
per a uns altres signe d'hospitalitat

llavors contra qui prendre la requesta  
si tens les mans lligades als tovallons?  
els talls als teus dits són testimonis d'amor  
la ceba i res més la causa de les llàgrimes  
tu mateixa has alçat estaques amb forquilles

quan amorosament tallis a trossets els teus dits, les teves orellas  
sofregint-los amb julivert i orenga  
quan barregis la sang amb la massa de les creps  
no deixis de situar al mig de la plata els pits delicats  
d'amanir el sexe amb espècies  
a la teva manera, la cuina  
és el teu territori, el teu regne

Do libro *Catálogo de velenos*, Esquíó, 1999,  
reeditado en *Mudanzas e outros velenos*, Galaxia, 2017

## derrotas domésticas

debeu ser moi difícil  
degolar as anguías  
sen cortar os dedos  
arrandearte para que non te cubrisen  
as escamas do ollomol  
liscar do nó corredío das sabas

nas noites opacas  
que batallas contra os garavanzos  
medrando disformes na auga que absurda tarefa  
escoller lentellas de arroz  
que impotencia  
cando o leite fervido vai por fóra  
inevitabelmente

e se o batifondo das tixolas  
non che deixaba oír a música  
se o teu francés e alemán  
eran inútiles contra a graxa nos fogóns  
se os tubos de auga berran como nenos  
ou gaivotas e as patacas se pegan  
no fondo da tarteira

nai  
como é que estás sorrindo nas fotos?

Del llibre *Catálogo de velenos* (Catàleg de verins), Esquíó, 1999,  
reeditat a *Mudanzas e outros velenos* (Canvis i altres verins), Galaxia, 2017


## derrotes domèstiques

va haver de ser molt difícil  
degollar les anguiles  
sense tallar-s'hi els dits  
gronxar-te perquè no et cobrissin  
les escates del besuc  
escapolir-se del nus corredís dels llençols

en les nits opaques  
quines batalles contra els cigrons  
creixent disformes dins l'aigua quina tasca absurda  
triar lleties d'arròs  
quina impotència  
quan la llet bullida sobreix  
inevitament

i si la remor de les paelles  
no et deixava sentir la música  
si el teu francès i alemany  
eren inútils contra el greix en els fogons  
si els tubs d'aigua criden com nens  
o gavines i les patates s'enganxen  
al fons de la cassola

mare  
com és que somrius a les fotografies?



# Yolanda Castaño

Traducció: Eduard Velasco

Do libro *A Segunda Lingua* [*La segunda lengua*], ed. bilingüe, 2014

## Metrofobia

Ao fondo da paisaxe, a chuvia  
esvaece as nubes cun borrón.  
Esta folla de ruta milita na xograresca.

Xa teño gana de partir e o meu coche é un soldado.  
Non vas oíndo chifrar o seu cargamento sensible?  
As estradas comarcais parecen  
cadernos pautados.  
Gustaríame sucar os montes cun poema ao lombo  
[coma os viaxantes.

O meu coche é unha bala prateada con  
ritmo en vez de pólvora, e eu dígolle: “Vamos!”.  
Xuntos atravesamos vales, barrios de funcionarios,  
as grandes explotacións eólicas  
danme ganas de loitar contra os xigantes.  
O meu coche mais eu entendémonos sen dicirnos nada.

Flores brancas do ibuprofeno,  
o meu coche é un soldado  
e eu dígolle: “Vamos recitar poemas  
a Monforte de Lemos!”,

Del llibre *A Segunda Lingua* (*La segunda llengua*), ed. bilingüe, 2014

## Metrofòbia

Al fons del paisatge, la pluja  
esvaeix els núvols amb un esborrall.  
Aquest full de ruta milita en la joglaresca.

Ja tinc ganes de partir i el meu cotxe és un soldat.  
Que no sents com xiula la seva càrrega sensible?  
Les carreteres comarcals semblen  
quaderns pautats.  
M'agradaria trescar per les muntanyes amb un poema a l'esquena,  
[com els viatjants.

El meu cotxe és una bala platejada amb  
ritme en lloc de pólvora, i jo li dic: “Som-hi!”.  
Junts travessem valls, barris de funcionaris,  
les grans explotacions eòliques  
em fan venir ganes de lluitar contra els gegants.  
El meu cotxe i jo ens entenem sense dir-nos res.

Flors blanques de l'ibuprofèn,  
el meu cotxe és un soldat  
i jo li dic: “Anem a recitar poemes  
a Monforte de Lemos!”,

e el  
acompaña o seu motor ao meu rexistro,  
repenica,  
badalea  
aínda que teña  
metrofobia.

Do libro *A Segunda Lingua* [*La segunda lengua*], ed. bilingüe, 2014

### **Listen and repeat: un paxaro, unha barba.**

Todo o ceo está en crequenás. Unha sede intransitiva.

Falar nunha lingua allea  
párecese a poñer roupa prestada.

Helga confunde os significados de país e paisaxe.  
(Que clase de persoa serías noutro idioma?).

Ti, fásme notar que, ás veces,  
este meu instrumento de corda  
vocal  
desafina.

No patio de luces da linguaxe,  
engánchame a prosodia  
no vestido.

Contareiche algo sobre os meus problemas coa lingua:  
hai cousas que non podo pronunciar.

i ell  
compassa el motor al meu registre,  
sona,  
repica  
encara que tingui  
metrofòbia.

Del llibre *A Segunda Lingua* (*La segona llengua*), ed. bilingüe, 2014

### **Listen and repeat: un ocell, una barba.**

Tot el cel és a la gatxoneta. Una set intransitiva.

Parlar en una llengua aliena  
s'assembla a posar-se roba prestada.

Helga confon els significats de país i paisatge.  
(Quina classe de persona series en un altre idioma?).

Tu em fas notar que, de vegades,  
aquest meu instrument de corda  
vocal  
desafina.

Al celobert del llenguatge,  
se m'enganxa la prosòdia  
en el vestit.

T'explicaré una cosa sobre els meus problemes amb la llengua:  
hi ha coses que no puc pronunciar.

Como cando te vexo sentado e só vexo  
unha cadeira –  
ceci n'est pas une chaise.  
Unha cámara escura proxecta no hemisferio.

Pronunciar: se o poema é  
un exorcismo, un cambio de agregación; algún humor  
solidifica para abandonarnos.

Así é a fonación, a entalpía.

Pero tes toda a razón:  
o meu vocalismo deixa  
moito que desexar.

(Se deixo de mirar os teus dentes  
non vou entender nada do que fales).

O ceo faise pequeno. Helga sorrí en cursiva.

E eu aprendo a diferenciar entre unha barba e un paxaro  
máis alá de que levante o voo  
se trato de collela  
entre as mans.

Com quan et veig assegut i només veig  
una cadira –  
ceci n'est pas une chaise.  
Una cambra fosca projecta en l'hemisferi.

Pronunciar: si el poema és  
un exorcisme, un canvi d'agregació; algun humor  
se solidifica per abandonar-nos.

Així és la fonació, l'entalpia.

Però tens tota la raó:  
el meu vocalisme deixa  
molt a desitjar.

(Si deixo de mirar-te les dents  
no entendre res del que parlis).

El cel es fa petit. Helga somriu en cursiva.

I jo aprenc a diferenciar entre una barba i un ocell  
més enllà del fet que alci el vol  
si miro d'agafar-la  
entre les mans.



Do libro *Profundidade de Campo*, 2007, ed. bilingüe, 2009

## Historia da transformación

Foi primeiro un trastorno  
 unha lesiva abstinencia de nena eramos pobres e non tiña nin aquilo  
 raquítica de min depauperada antes de eu amargor carente unha  
 parábola de complexos unha síndrome unha pantasma  
 (Aciago a partes iguais botalo en falla ou lamentalo)  
 Arrecife de sombra que rompe os meus colares.  
 Foi primeiro unha branquia evasiva que  
 non me quixo facer feliz tocándome co seu sopro  
 son a cara máis común do patio do colexio  
 a faciana eslamiada que nada en nada sementa  
 telo ou non o tes renuncia afaite traga iso  
 corvos toldando nubes unha condena de frío eterno  
 unha paciente galerna unha privada privación  
 (nena de colexio de monxas que fun saen todas  
 anoréxicas ou lesbianas  
 a letra entra con sangue nos cóbados nas cabezas nas  
 consciencias ou nas conas).  
 Pechei os ollos e desexei con todas as miñas forzas  
 lograr dunha vez por todas converterme na que era.

Pero a beleza corrompe. A beleza corrompe.  
 Arrecife de sombra que gasta os meus colares.  
 Vence a madrugada e a gorxa contén un presaxio.  
 Pobre parviña!, obsesionácheste con cubrir con aspas en vez de  
 co seu contido.  
 Foi un lento e vertixinoso agromar de flores en inverno  
 Os ríos saltaban cara atrás e resolvíanse en fervenzas rosas  
 borboletas e caracois nacéronme nos cabelos  
 O sorriso dos meus peitos deu combustible aos aeroplanos

Do libro *Profundidade de Campo* (2007, ed. biling. 2009)

## Història de la transformació

Fou primer un trastorn  
 una lesiva abstinència de nena érem pobres i no tenia ni tan sols allò  
 raquítica de mi depauperada abans de jo amargor mancat una  
 parábola de complexos una síndrome un fantasma  
 (Malastruc a parts iguals trobar-lo a faltar o plànyer-se'n)  
 Escull d'ombra que trenca els meus collars.  
 Fou primer una brànquia evasiva que  
 no em va voler fer feliç tocant-me amb el seu buf  
 soc la cara més comuna del pati de l'escola  
 el rostre insuls que res en no-res sembla  
 el tens o no el tens renuncia-hi avesa-t'hi empassa't això  
 corbs tapant núvols una condemna de fred etern  
 una pacient galerna una privada privació  
 (nena de col·legi de monges que vaig ser en surten totes  
 anorèxiques o lesbianes la  
 lletra entra amb sang en els colzes en els caps en les  
 consciències o en els conys).  
 Vaig tancar els ulls i vaig desitjar amb totes les meves forces  
 aconseguir una vegada per sempre convertir-me en la que era.

Però la bellesa corromp. La bellesa corromp.  
 Escull d'ombra que gasta els meus collars.  
 Venç la matinada i la gola conté un presagi.  
 Pobra beneita!, vas obsessionar-te a emplenar amb creus en comptes  
 de fer-ho amb el contingut.  
 Fou una lenta i vertiginosa brotada de flors a l'hivern  
 Els rius saltaven cap enrere i es resolien en cascades roses  
 papallones i caragols em nasqueren als cabells  
 El somriure dels meus pits va donar combustible als aeroplans

A beleza corrompe  
 A beleza corrompe  
 A tersura do meu ventre escoltaba á primavera  
 desbordaron as buguinas nas miñas mans tan miúdas  
 o meu afago máis alto beliscou o meu ventrículo  
 e xa non souben qué facer con tanta luz en tanta sombra.

Dixéronme: “a túa propia arma será o teu propio castigo”  
 cuspiéronme na cara as miñas propias virtudes neste  
 club non admiten a rapazas cos beizos pintados de vermello  
 un maremoto sucio unha usura de perversión que  
 non pode ter que ver coa miña máscara de pestanas os  
 ratos subiron ao meu cuarto enluzaron os caixóns da roupa branca  
 litros de ferralla alcatrán axexo ás agachadas litros  
 de control litros de difamadores quilos de suspicacias levantadas  
 só coa tensión do arco das miñas cellas deberían maniatarte  
 adjudicarte unha estampa gris e borrar-te os trazos con ácido  
 renunciar a ser eu para ser unha escritora?  
 demonizaron o esguío e lanzal do meu pescozo e o  
 xeito en que me nace o cabelo na parte baixa da caluga neste  
 club non admiten a rapazas tan ben adobiadas  
 Desconfiamos do estío  
 A beleza corrompe.  
 Mira ben se che compensa todo isto.

La belleza corromp  
 La belleza corromp  
 La llisor del meu ventre escoltava la primavera  
 se'm desbordaren els caragols de mar en les mans tan menudes  
 el meu afalac més alt va pessigar-me el ventricle  
 i ja no vaig saber què fer amb tanta llum en tanta ombra.

Em van dir: “la teva pròpia arma serà el teu propi càstig”  
 em van escopir a la cara les meves pròpies virtuts en aquest  
 club no admeten noies amb els llavis pintats de vermell  
 un terratrèmol submarí brut una usura de perversió que  
 no pot tenir a veure amb la meva màscara de pestanyes els  
 ratolins han pujat a la meva habitació han embrutat els  
 [calaixos de la roba blanca  
 litres de ferralla quitrà aguaito d'amagat litres  
 de control litres de difamadors quilos de suspicàcies aixecades  
 només amb la tensió de l'arc de les meves celles t'haurien de lligar de mans  
 adjudicar-te una estampa grisa i esborrar-te els trets amb àcid  
 renunciar a ser jo per ser una escriptora?  
 han demonitzat l'esveltesa i la finor del meu coll i la  
 manera en què em neixen els cabells a la part baixa del clatell en aquest  
 club no admeten noies tan ben abillades  
 Desconfiem de l'estiu  
 La belleza corromp.  
 Mira bé si et compensa tot això.

Do libro *A Segunda Lingua* [*La segunda lengua*], ed bilingüe, 2014

## A poesía é unha lingua minorizada

Comezaría polo espesor. A súa acidez, o seu pH.

Camiña igual ca unha muller:  
entre o masacre do invisible  
e o campo de concentración da visibilidade.

Ladra estilo e final,  
unha épica hospitalaria.

No poema a linguaxe  
faise ouvidos xordos a si mesma,  
nel as palabras amplían  
o seu círculo de amizades.

Hai que masturbar o abecedario  
ata que balbuza cousas  
aparentemente inconexas.

Caixa de cambios da fala,  
acenos doutra orde.  
O sorriso do mosquito dentro da pedra de ámbar.

Non se trata de que non comprendas árabe.  
Non entendes

poesía.

Del llibre *A Segunda Lingua* (*La segunda llengua*), ed. bilingüe, 2014

## La poesía és una llengua minoritzada

Començaria per l'espessor. La seva acidesa, el seu pH.

Camina igual que una dona:  
entre la massacre de l'invisible  
i el camp de concentració de la visibilitat.

Borda estil i final,  
una èpica hospitalària.

En el poema el llenguatge  
fa el desentès de si mateix,  
les paraules hi amplien  
el cercle d'amistats.

S'ha de masturbar l'abecedari  
fins que balbotegi coses  
aparentment inconnexes.

Caixa de canvis de la parla,  
gestos d'un altre ordre.  
El somriure del mosquit dins de la pedra d'ambre.

No es tracta que no compreguis àrab.  
No entens

poesia.

De *A Coruña á luz das letras*, 2008

## Mazás do xardín de Tolstoi

Eu,  
 que bordeei en automóbil as beiras do Neretva,  
 que rebañei en bicicleta as rúas húmidas de Copenhague.  
 Eu que medín cos meus brazos os buratos de Saraxevo,  
 que atravesei ao volante a fronteira de Eslovenia  
 e sobrevoei en avioneta a ría de Betanzos.  
 Eu que collín un ferry que arribase ás costas de Irlanda,  
 e á illa de Ometepe no Lago Cocibolca;  
 eu que non esquecerei aquela tenda en Budapest,  
 nin os campos de algodón na provincia de Tesalia,  
 nin unha noite nun hotel aos 17 anos en Niza.  
 A miña memoria vai mollar os pés á praia de Jūrmala en Letonia  
 e na sexta avenida séntese coma na casa.  
 Eu,  
 que houben morrer unha vez viaxando nun taxi en Lima,  
 que atravesei o amarelo dos campos brillantes de Pakruojis  
 e crucei aquela mesma rúa que Margaret Mitchell en Atlanta.  
 Os meus pasos pisaron as áreas rosadas de Elafonisi,  
 cruzaron unha esquina en Brooklyn, a ponte Carlos, Lavallo.  
 Eu que atravesei deserto para ir ata Essaouira,  
 que me deslicei en tirolina dende os cumios do Mombacho,  
 que non esquecerei a noite que durmín na rúa en Amsterdam,  
 nin o Mosteiro de Ostrog, nin as pedras de Meteora.  
 Eu que pronunciei un nome no medio dunha praza en Gante  
 que unha vez suquei o Bósforo vestida de promesas,  
 que nunca volví ser a mesma despois daquela tarde en Auschwitz.  
 Eu,  
 que conducín cara o leste até preto de Podgorica,  
 que percorrín en motoneve o glaciar de Vatnajökull,

De *A Coruña á luz das letras* (La Corunya a la llum de les lletres), 2008

## Pomes del jardí de Tolstoi

Jo,  
 que he vorejat en automòbil les ribes del Neretva,  
 que he resseguit en bicicleta els carrers humits de Copenhague.  
 Jo que he mesurat amb els meus braços els forats de Sarajevo,  
 que he travessat al volant la frontera d'Eslovènia  
 i he sobrevolat en avioneta la ria de Betanzos.  
 Jo que vaig agafar un ferri que arribés a les costes d'Irlanda,  
 i á l'illa d'Ometepe en el llac Cocibolca;  
 jo que no oblidaré aquella botiga a Budapest,  
 ni els camps de cotó a la província de Tessàlia  
 ni una nit en un hotel als 17 anys a Niça.  
 La meva memòria se'n va a mullar-se els peus a la platja de Jūrmala a Letònia  
 i a la Sisena Avinguda se sent com a casa.  
 Jo,  
 que per poc em moro una vegada viatjant en un taxi a Lima,  
 que he creuat el groc dels camps brillants de Pakruojis  
 i que he travessat aquell mateix carrer que Margaret Mitchell a Atlanta.  
 Les meves passes han trepitjat les sorres rosades d'Elafonissi,  
 han girat una cantonada a Brooklyn, el pont Carlos, Lavallo.  
 Jo que he travessat el desert per anar fins a Essaouira,  
 que he baixat en tirolina des dels cims del Mombacho,  
 que no oblidaré la nit que vaig dormir al carrer a Amsterdam,  
 ni el Monestir d'Ostrog, ni les pedres dels Meteors.  
 Jo que he pronunciat un nom al mig d'una plaça a Gant,  
 que una vegada vaig solcar el Bòsfor vestida de promeses,  
 que mai no he tornat a ser la mateixa després d'aquella tarda a Auschwitz.  
 Jo,  
 que he conduït cap a l'est fins vora Podgorica,  
 que he recorregut en moto de neu el glaciar de Vatnajökull,

eu que nunca me sentín tan soa coma na rue de Saint Denis,  
que xamais probarei uvas coma as uvas de Corinto.

Eu, que un día recollín  
mazás do xardín de Tolstoi,

quero voltar a casa:

o recanto  
que prefiro  
da Coruña

xusto en ti.

jo que mai no m'he sentit tan sola com a la Rue Saint-Denis,  
que mai tastaré raïm com el raïm de Corint.

Jo, que un dia vaig collir  
pomes del jardí de Tolstoi,

vull tornar a casa:

el racó  
que prefereixo  
de La Corunya

just en tu.



# Rosalía Fernández Rial

Traducció: Eduard Velasco

Do libro *Vinte en escena*, Ed. Positivas, 2012, reeditado en 2014

## ESCENA VII: (esquina)

As esquinas da rúa  
que fago pola noite  
son as proas da cidade.  
Eu, o máis fermoso mascarón.  
Nacín madeira de serea;  
o meu canto fuma  
rosas dos ventos  
en solapas descoñecidas.  
Desorientadas xa.  
E os peixes que teño nos beizos  
coñecen  
todos os buratos do suburbio.  
Porque cada crepúsculo  
atracan, nas miñas costas,  
demasiados barcos desnortados.  
Din que me movo  
en danza oceánica;  
que bico coa vertixe do nordés.  
Comprenden que cobre  
por fabricar amor.  
Pero ninguén sabe  
con cantos piratas  
teño que deitarme  
antes de poder durmir.

Del llibre *Vinte en escena* (Vint en escena / T'he vist en escena), Ed. Positivas, 2012, reeditat el 2014

## ESCENA VII: (cantonada)

Les cantonades del carrer  
que faig a la nit  
son les proes de la ciutat.  
Jo, el mascaró més bell.  
Vaig néixer fusta de sirena;  
el meu cant fuma  
roses dels vents  
en solapes desconegudes.  
Ja desorientades.  
I els peixos que tinc als llavis  
coneixen  
tots els forats del suburbi.  
Perquè cada crepuscle  
atraquen, a les meves costes,  
massa vaixells perduts.  
Diuen que em bellugo  
en dansa oceànica;  
que beso amb el vertigen del gregal.  
Comprenen que cobri  
per fabricar amor.  
Però ningú no sap  
amb quants pirates  
m'he de ficar al llit  
abans de poder dormir.

Do libro *Ningún amante sabe conducir*, Ed. Positivas, 2014

## Fin de núcleo urbano

A estrada escribe,  
en pel de asfalto,  
as feridas que nos separan.  
Entre liñas;  
raias de coca  
desde o meu coche  
ao teu leito.  
Aceléranme,  
atropélanme a cordura,  
acenden faros dentro de min.  
E eu cabalgo motor,  
trotos os quilómetros  
que quedan  
ata o noso furacán  
de pernas, dentes,  
labios, grito,  
tacto!  
Como se só desgarrádonos  
puidésemos pechar cicatrices.

Del llibre *Ningún amante sabe conducir* (Cap amant no sap  
conduir), Ed. Positivas, 2014

## Fi de nucli urbà

La carretera escriu,  
en pell d'asfalt,  
les ferides que ens separen.  
Entre línies;  
ratlles de coca  
des del meu cotxe  
al teu llit.  
M'acceleren,  
m'atropellen el seny,  
encenen fars a dintre meu.  
I jo cavalco motor,  
trotos els quilòmetres  
que queden  
fins al nostre huracà  
de cames, dents,  
llavis, crit,  
tacte!  
Com si només esqueixant-nos  
poguéssim tancar cicatrius.



De *Contra-acción*, 2016

## Rúa principal

Escribo,  
 coas puntas dos pés afiadas,  
 a xeometría da Rúa Principal.  
 O compás composto  
 polas miñas pernas  
 traza os arcos dos soportais  
 a ritmo de tango,  
 agudo,  
 tallante,  
 en roxo vivo.  
 Pinto, paixón carmesí,  
 os beizos das arquivoltas,  
 facendo xirar as fachadas  
 nun carrusel  
 de edificios ao vento  
 e bicos de luces festivas.  
 Sobre a pista de baile  
 as voces transeúntes  
 mastigan acento arxentino:  
 Se querés comer o mundo,  
 sacanos a lingua a danzar,  
 po-e-ta.

De *Contra-acción* (Contra-acció), 2016

## Carrer principal

Escric,  
 amb les puntes dels peus esmolades,  
 la geometria del Carrer Principal.  
 El compàs compost  
 per les meves cames  
 traça els arcs dels porxos  
 a ritme de tango,  
 agut,  
 tallant,  
 roent.  
 Pinto, passió carmesí,  
 els llavis de les arquivoltes,  
 fent girar les façanes  
 en uns cavallets  
 d'edificis al vent  
 i petons de llums festives.  
 Sobre la pista de ball  
 les veus transeünts  
 masteguen accent argentí:  
 Si querés menjar-te el món,  
 sacanos la llengua a dansar,  
 po-e-ta.



Do CD colectivo *Barro*, cunha versión escénica estreada na Mostra da Olaría de Buño xunto a diversos artistas

## Barro

Como un desvío  
na contorna dos reloxos  
funcionamos  
en espiral.  
A contratempo.  
Improvisando  
fluídos corporais  
sobre este ondear  
excitante:  
ti terra,  
eu auga.  
A nosa pel vive  
no esvaro do presente;  
para existir  
danza.

Inédito, pendente de publicación na revista literaria *Olga*,  
dirixida por Vicente Araguas

## Tribo

Enchufe  
o delirio das ferreñas  
a unha mesa de mesturas  
mediante  
eléctrico cordón umbilical:  
O seu aturuxo dá a luz

Do CD colectivo *Barro* (Terrissa), amb una versió escènica estrenada a la Mostra da Olaría de Buño (Mostra terrissaire de Buño) amb diversos artistes

## Terrissa

Com un desviament  
en el contorn dels rellotges  
funcionem  
en espiral.  
A contratemps.  
Improvisant  
líquids corporals  
sobre aquest oneig  
excitant:  
tu terra,  
jo aigua.  
La nostra pell viu  
en la relliscada del present;  
per existir,  
dansa.

Inèdit, pendent de publicació a la revista literària *Olga*, dirigida  
per Vicente Araguas

## Tribu

Endollo  
el deliri de les sonalles  
a una taula de mescles  
mitjançant  
elèctric cordó umbilical:  
El seu aüc dona a llum

ao peello  
co que danzamos  
a cosmogonía que nos vai crear.  
Aquí e agora, yeah,  
pandeireta como prato de DJ,  
cotos afiados:  
BIG BANG!  
A nosa revolta percute  
en contra dos reloxos,  
para que sempre sexa a hora  
de nacer outra vez.

Inédito, pendente de publicación na revista literaria *Olga*,  
dirixida por Vicente Araguas

## Computador

Do meu teclado  
penduran  
27 bailaríns,  
boca abaixo,  
en coreo-gráfica agonía.  
Berra cada un  
no ton  
da letra que premo,  
escribindo  
con danza coral  
a partitura destes versos:  
Réquiem  
polo derradeiro alento poético.  
A S D F G

la pell  
amb què dansem,  
la cosmogonia que ens crearà.  
Aquí i ara, yeah,  
pandereta com plat de DJ,  
artells esmolats:  
BIG BANG!  
La nostra revolta percut  
en contra dels rellotges,  
perquè sempre sigui l'hora  
de néixer un altre cop.

Inèdit, pendent de publicació a la revista literària *Olga*, dirigida  
per Vicente Araguas

## Computador

Del meu teclat  
pengen  
27 ballarins,  
cap per avall,  
en coreo-gráfica agonía.  
Crida cadascun  
en el to  
de la lletra que premo,  
escrivint  
amb danza coral  
la partitura d'aquests versos:  
Rèquiem  
pel darrer alè poètic.  
A S D F G

# B

## Biografías

**ANNA GUAL (Vilafranca del Penedès, 1986).** Amb vint-i-dos anys publica el seu primer llibre, *Implosions* (LaBreu Edicions, 2008), després que l'editorial LaBreu Edicions la descobrís al blog secret que mantenia des de feia dos anys, *No caic, em tiro* (Premi al Millor blog escrit en català 2012). Al 2012 publica el llibre d'artista *Passa'm-hi els dits* (Átem Books, 2012) amb il·lustracions de l'austriaca Bianca Tschaikner i un any més tard guanya el Premi de poesia mediterrània Pare Colom amb el llibre *L'ésser solar* (Lleonard Muntaner, 2013). Amb la voluntat de seguir esbrinant quins són els límits del llenguatge, Gual treu a la llum el seu tercer poemari, *Símbol 47* (LaBreu Edicions, 2015). Al 2016 guanya dos prestigiosos premis, el Premi Bernat Vidal i Tomàs pel llibre *Molsa* (AdiA Edicions, 2016) i el Premi Senyoriu Ausiàs March pel llibre *El Tubercle* (Editorial 3i4, 2016), que configuren la primera i la segona part de la trilogia *Arrel Trinitat*, trilogia que es clourà amb el llibre *Altres semidéus*.

La seva obra poètica l'ha revelat com una de les veus joves més trencadores i fresques de la literatura catalana actual. Des de fa temps troba gust en recitar els seus versos en públic. Ho fa habitualment arreu de la geografia, convidada a diferents lectures en públic. Internacionalment ha viatjat com a poeta convidada a festivals, trobades d'escriptors i seminaris de traducció poètica a Croàcia (Universitat de Zadar, Universitat de Zagreb i Centre Croat del PEN Club), Sardenya (Festival Cabudanne de sos poetas al 2014 i Festival Sulla Terra Leggeri al 2016), Anglaterra (Cambridge Union Society) i Rússia (Seminari de Traducció Poètica, organitzat per la Institució de les Lletres Catalanes i l'Institut Perevoda).

**ANNA GUAL (Vilafranca del Penedès, 1986).** Con vinte e dous anos publica o seu primeiro libro, *Implosions* (Implosións, LaBreu Edicions, 2008), despois de que a editorial LaBreu Edicions a descubrise no blog secreto que mantiña desde había dous anos, *No caic, em tiro* (Non caio, tírome), Premio ao mellor blog escrito en catalán, 2012. No 2012 publica o libro de artista *Passa'm-hi els dits* (Pásame por aí os dedos, Átem Books, 2012), con ilustracións da austriaca Bianca Tschaikner, e un ano máis tarde gaña o Premio de poesía mediterranea Pare Colom co libro *L'ésser solar* (O ser solar, Lleonard Muntaner, 2013). Coa vontade de seguir pescudando nos límites da linguaxe, Gual saca á luz o seu terceiro poemario, *Símbol 47* (LaBreu Edicions, 2015). No 2016 gaña dous prestigiosos premios, o Premio Bernat Vidal i Tomàs polo libro *Molsa* (Carriza, AdiA Edicions, 2016) e mais o Premio Senyoriu Ausiàs March polo libro *El Tubercle* (O Tubérculo, Editorial 3i4, 2016), que configuran a primeira e a segunda parte da triloxía *Arrel Trinitat* (Raíz Trindade), triloxía que se ha pechar co libro *Altres semidéus* (Outros semideuses).

A súa obra poética revelouna como unha das voces novas máis rompedoras e frescas da literatura catalá actual. Desde hai tempo séntese ben recitando os seus versos en público. Faino habitualmente por todas as partes, convidada a distintas lecturas en público. Internacionalmente viaxou como poeta convidada en festivais, encontros de escritores e seminarios de tradución poética en Croacia (Universidade de Zadar, Universidade de Zagreb e Centro Croata do PEN Clube), Sardeña (Festival Cabudanne de sos poetas no 2014 e Festival Sulla Terra Leggeri no 2016), Inglaterra (Cambridge Union Society) e Rusia

La seva poesia està traduïda a l'anglès, francès, castellà, gallec, rus, croat, brasiler i italià.

[www.annagual.cat](http://www.annagual.cat)

**JOAN PONS (Ferrerries, Menorca, 1960)** va estudiar Filologia Catalana a la Universitat de Barcelona. És professor a diverses universitats i escoles d'escriptura. Col·labora en varis mitjans de comunicació. Ha conreat la narrativa infantil i juvenil, la novel·la, els relats i la poesia. La seva obra ha estat guardonada amb els premis més prestigiosos de la literatura catalana (*Homes sols*; Premi Fundació enciclopèdia catalana; *Remant cap el sol*, Premi Joaquim Ruyra; *Nàufrags*, Premi Joan Ramis i Ramis; *El laberint de les girafes*, seleccionada per la Xarxa de Biblioteques de Catalunya com una de les millors obres del s. XX; *Sorra a les sabates*, finalista Premi Salambó i seleccionada pel diari *Avui* com una de les millors obres del 2005; *La casa de gel*; Premi Ciutat d'Alzira). La seva darrera obra, el poemari *L'illa dels arbres vençuts*, aclamat per crítica i lectors, ha esdevingut una referència ineludible per a la poesia contemporània en català. Els seus llibres han estat traduïts al castellà, a l'anglès, al francès, a l'italià, a l'alemany, al rus i, ara, al gallec.

**BLANCA LLUM VIDAL.** Llicenciada en Filologia Catalana, Màster en Pensament Contemporani i Teoria Clàssica, Graduada en Treball Social. Ha impartit cursos de literatura per a bibliotecaris de la Xarxa de Biblioteques Públiques de Catalunya. Ha recitat arreu dels Països Catalans, a Ucraïna, a Madrid i a Galícia. Es dedica a l'escriptura, a l'edició i a la correcció literària. Ha editat les *Dues Catalunyes* d'Àngel Carmona (Lleonard Muntaner Editor, 2010), l'obra poètica d'Àngel Guimerà (Edicions de 1984, 2010) i *Un film (3000 metres)* de Víctor Català (Club Editor, 2015). Ha publicat *La cabra que hi havia* (Documenta Balear, 2009), *Nosaltres i tu* (Lleonard

(Seminario Traducción Poética, organizado pola Institució de les Lletres Catalanes e o Instituto Perevoda).

A súa poesía está traducida ao inglés, francés, castelán, galego, ruso, croata, brasileiro e italiano.

[www.annagual.cat](http://www.annagual.cat)

**JOAN PONS (Ferrerries, Menorca, 1960)** estudou Filoloxía Catalá na Universidade de Barcelona. É profesor en varias universidades e escolas de escritura. Colabora en diversos medios de comunicación. Escribiu narrativa infantil e xuvenil, novela, relatos e poesía. A súa obra foi galardoada cos premios máis prestixiosos da literatura catalá: *Homes sols* (Homes sós), Premio Fundació Enciclopèdia Catalana; *Remant cap al sol* (Remando cara ao sol), Premio Joaquim Ruyra; *Nàufrags* (Náufragos), Premio Joan Ramis i Ramis; *El laberint de les girafes* (O labirinto das xirafas), seleccionada pola Rede de Bibliotecas de Cataluña como unha das mellores obras do s. XX; *Sorra a les sabates* (Area nos zapatos), finalista do Premio Salambó e seleccionada polo xornal *Avui* como unha das mellores obras do 2005; *La casa de gel* (A casa de xeo), Premio Ciutat d'Alzira. A súa última obra, o poemario *L'illa dels arbres vençuts* (A illa das árbores vencidas), aclamado por crítica e lectores, deveu unha referencia ineludible para a poesía contemporánea en catalán. Os seus libros foron traducidos ao castelán, ao inglés, ao francés, ao italiano, ao alemán, ao ruso e, agora, ao galego.

**BLANCA LLUM VIDAL.** Licenciada en Filoloxía Catalá, Máster en Pensamento Contemporáneo e Teoría Clásica e Graduada en Traballo Social. Impartiu cursos de literatura para bibliotecarios da Rede de Bibliotecas Públicas de Cataluña. Recitou por todos os Países Cataláns, en Ucraïna, en Madrid e en Galicia. Dedicase á escritura, á edición e á corrección literaria. Editou as *Dues Catalunyes* (Dúas Cataluñas) de Àngel Carmona (Lleonard

Muntaner, 2011), *Homes i ocells* (Club Editor, 2012), *Visca!* (Documenta Balear, 2012), *Punyetera flor* (LaBreu Edicions, 2014) i *Maripasoula* –Crònica d'un viatge a la Guaiana francesa (Tushita Edicions, 2015). Ha traduït l'entrevista a Emmanuel Faye 'L'antisemitisme dels Quaderns negres, l'última peça de l'obra integral de Heidegger' (L'Espill, 2014). I, amb Arnau Pons, un fragment de *El Dolor*, de Marguerite Duras (Edicions Poncianes, 2013).

**MARILAR ALEIXANDRE** (Madrid, 1947) té una identitat escindida entre la biologia i l'escriptura, entre la recerca en argumentació a la Universitat de Santiago de Compostela i la literatura. Tal vegada per això la seva poesia està farcida de plantes silvestres (*Desmentindo a primavera* –Desmentint la primavera–, Xerais, 2002, o *Abecedario de árbores* –Abecedari d'arbres–, AELG/Ajuntament de Santiago, 2006), i d'animals que exerceixen la rebel·lió (*Ovella descarreirada* –Ovella esgarriada–, Xerais, 2014). Ha guanyat premis com l'Esquíu per *Catálogo de velenos* (Catàleg de verins), 1998, i el Caixanova-PEN per *Mudanzas* (Canvis, 2007), una reescriptura de les *Metamorfosis* des de la veu de les dones. El 2016 va publicar *Desescribindo* (Desescrivint), editat per Apiario, i el 2017 una reedició de tres poemaris, *Mudanzas e outros velenos* (Canvis i altres verins), editat per Galaxia. La seva narrativa fou premiada: l'Álvaro Cunqueiro per *A Compañía clandestina de contrapublicidade* (La companyia clandestina de contrapublicitat, 1997) o el Xerais per *Teoría do caos* (Teoria del caos, 2001). Pel que fa a la narrativa juvenil, el premi Merlín i el de la Crítica per *A expedición do Pacífico* (L'expedició del pacífic, 1995) o el Caixa Galicia i White Ravens per *A cabeza de Medusa* (El cap de medusa, 2008), sobre la violació social que segueix la física. El gener del 2017 va ingressar a la Real Academia Galega amb el discurs *Voces termando da paisaxe galega* (Veus que sostenen el paisatge gallec).

Muntaner Editor, 2010), a obra poética de Àngel Guimerà (Edicions de 1984, 2010) e *Un film (3000 metres)* de Víctor Català (Club Editor, 2015). Publicou *La cabra que hi havia* (A cabra que había, Documenta Balear, 2009), *Nosaltres i tu* (Nós e ti, Lleonard Muntaner, 2011), *Homes i ocells* (Homes e paxaros, Club Editor, 2012), *Visca!* (Viva!, Documenta Balear, 2012), *Punyetera flor* (Pillabana flor, LaBreu Edicions, 2014) e *Maripasoula*, crónica dunha viaxe á Guaiana francesa (Tushita Edicions, 2015). Traduciu a entrevista a Emmanuel Faye "O antisemitismo dos Cadernos negros, a última peza da obra integral de Heidegger" (L'Espill, 2014). E, con Arnau Pons, un fragmento de *El Dolor*, de Marguerite Duras (Edicions Poncianes, 2013).

**MARILAR ALEIXANDRE** (Madrid, 1947) ten unha identidade escindida entre a bioloxía e a escrita, entre a investigación en argumentación na Universidade de Santiago de Compostela e a literatura. Talvez por iso a súa poesía está inzada de plantas ventureiras (*Desmentindo a primavera*, Xerais, 2002, ou *Abecedario de árbores*, AELG/Concello de Santiago, 2006), e animais que exercen a rebelión (*Ovella descarreirada*, Xerais, 2014). Acadou premios polos seus poemarios como o Esquíu por *Catálogo de velenos* (1998) e o Caixanova-PEN por *Mudanzas*, unha reescrita das *Metamorfoses* desde a voz das mulleres (2007). En 2016 publicou *Desescribindo* (Apiario) e, en 2017, unha reedición de tres poemarios, *Mudanzas e outros velenos* (Galaxia). A súa narrativa foi premiada: o Álvaro Cunqueiro (*A Compañía clandestina de contrapublicidade*, 1997) ou o Xerais (*Teoría do caos*, 2001). En canto á narrativa xuvenil, o Merlín e da Crítica, por *A expedición do Pacífico* (1995) ou o Caixa Galicia e White Ravens por *A cabeza de Medusa* (2008), sobre a violación social que segue á física. En xaneiro de 2017 ingresou na Real Academia Galega co discurso *Voces termando da paisaxe galega*.



**YOLANDA CASTAÑO.** La poeta gallega Yolanda Castaño va néixer a Santiago de Compostela (Galícia) el 1977. A la Corunya es va llicenciar en filologia i va fer estudis audiovisuals. Dinamitzadora cultural activa, des del 2009 dirigeix diversos projectes amb poetes gallecs i internacionals: el cicle de recitals mensuals POETAS DI(N)VERSOS (Poetes di(uen) versos) a la Corunya (Premi de la Crítica – Galícia a la millor Iniciativa Cultural 2014), el festival de poesia PONTEPOÉTICA a Pontevedra i el Taller Internacional de Traducció Poètica “Con barqueira e remador” a l’illa de San Simón (ria de Vigo). A banda d’això, ofereix tallers literaris, recitals, videopoesia i altres mostres de la seva feina dins i fora del país, per tot Europa i Amèrica, a més de Tunísia, Cap Verd, l’Índia, la Xina o el Japó. Durant anys ha treballat a la televisió (Premi Mestre Mateo a la Millor Comunicadora de TV 2005) i ha publicat columnes a diferents publicacions gallegues. Ha estat la responsable de mostres poètiques col·lectives, de traduccions de poesia i d’edicions literàries. Apareix representada en nombroses revistes especialitzades, llibres col·lectius i antologies tant gallegues com estatals i estrangeres, així com en força festivals internacionals de poesia. La seva obra ha estat traduïda a vint-i-cinc llengües.

Premi de la Crítica Espanyola 1999, Premi Espiral Maior 2007, Premi Ojo Crítico 2009 (al millor poemari publicat a Espanya per un/a autor/a jove, triat també per *El Cultural* com un dels cinc millors llibres de poesia editats aquell any a Espanya), Premi Fundación Novacaixagalicia, “Autora de l’any” als Premis Irmandade do Libro 2014 i finalista del Premi Nacional de Poesia, entre altres reconeixements. Yolanda Castaño compta amb sis poemaris individuals (entre els quals destaquen *Vivimos no ciclo das erofanías* –Vivim en el cicle de les erofanies–, *O libro da egoísta* –El llibre de l’egoïsta–, *Profundidade de campo* –Profunditat de camp– o *A segunda lingua* –La segona llengua–), edicions bilingües de les mateixes obres per a Visor Libros, un parell de reculls personals, algunes *plaquettes*, (en castellà,

**YOLANDA CASTAÑO.** A poeta galega Yolanda Castaño naceu en Santiago de Compostela (Galiza) en 1977, na Coruña licenciouse en Filoloxía e realizou estudos audiovisuais. Activa dinamizadora cultural, dende 2009 dirixe varios proxectos con poetas galegos e internacionais: o ciclo de recitais mensuais POETAS DI(N)VERSOS na Coruña (Premio da Crítica – Galicia á mellor Iniciativa Cultural 2014), o Festival de Poesía PONTEPOÉTICA en Pontevedra e o Obradoiro Internacional de Tradución Poética «Con barqueira e remador» na illa de San Simón. Alén diso, ofrece obradoiros literarios, recitais, videopoesía e outras mostras do seu traballo dentro e fóra do país, por toda Europa e América, ademais de Tunisia, Cabo Verde, India, China ou Xapón. Durante anos traballou na televisión (Premio Mestre Mateo Mellor Comunicador/a de TV 2005) e publicou columnas en distintas cabeceiras galegas. Foi responsable de mostras poéticas colectivas, de traducións de poesía e de edicións literarias. Aparece representada en numerosas revistas especializadas, libros colectivos e antoloxías tanto galegas como estatals e estranxeiras, así coma en numerosos festivais internacionais de poesía, téndose traducido en parte a vinte e cinco linguas distintas.

Premio da Crítica Española 1999, Premio Espiral Maior 2007, Premio Ojo Crítico 2009 (ao mellor poemario publicado en España por un autor/a mozo/a, escollido tamén por *El Cultural* como un dos 5 mellores libros de poesía editados ese ano en España), Premio Fundación Novacaixagalicia, «Autora do Ano» nos Premios Irmandade do Libro 2014 e Finalista do Premio Nacional de Poesía entre outros recoñecementos, Yolanda Castaño conta con seis poemarios individuais (entre os que salientan *Vivimos no ciclo das Erofánias*, *O libro da Egoísta*, *Profundidade de Campo* ou *A segunda lingua*), edicións bilingües destes para Visor libros, un par de escolmas persoais, algunhas *plaquettes* (en castelán, alemán, macedonio e chinés) e cinco libros de poesía infantil, ademais de obras asinadas como editora e tradutora. Con máis de 20 anos de traxectoria

alemany, macedoni i xinès) i cinc llibres de poesia infantil, a més d'obres signades com a editora i traductora. Amb més de vint anys de trajectòria en la poesia gallega, duu endavant moltes experiències que barregen la poesia amb altres llenguatges creatius, bé en solitari o en col·laboració amb altres artistes. Fou distingida amb diverses beques internacionals de *creació en residència*: el 2011, al IWTCR de Rodes (Grècia) i a la Villa Waldberta (Munic); el 2014 al HIP-Beijing (Xina) i el 2016 al castell de Hawthornden (Escòcia).

**ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL (1988)** és llicenciada en Filologia, doctora en didàctica de les llengües i de l'expressió dramàtica per la Universitat de Santiago de Compostela. Té formació en arts escèniques i musicals. Sobretot, però, des de molt jove, s'ha dedicat a l'escriptura. Actualment fa de professora de llengua i literatura i està implicada en diversos projectes artístics i pedagògics de caràcter interdisciplinar. Com a poeta ha publicat els llibres següents: *En clave de sol* (En clau de sol, 2009), *Átonos* (Àtons, 2011), *Vinte en escena* (Vint en escena / T'he vist en escena, 2012), *Un mar de sensacions* (Un mar de sensacions, 2012), *Ningún amante sabe conducir* (Cap amant no sap conduir, 2014), *Contra-acción* (Contra-acció, 2016) o *Sacar a bailar* (Treure a ballar, 2016), títols amb els quals es metamorfosa en presentacions performàntiques i musicals. *Aulas sen paredes* (Aules sense parets, llibre-DVD, 2016) és la seva obra d'assaig més rellevant, que deriva de la tesi doctoral defensada el mateix any i que inclou un documental audiovisual amb la intervenció didàctica en la qual fa servir l'expressió dramàtica i teatral com a eina pedagògica per a l'ensenyament i l'aprenentatge de llengües. Aquesta obra ha estat premiada en la II Gala del Llibre Galleg com a millor iniciativa bibliogràfica del 2016. A més a més, Rosalía Fernández Rial forma part de la directiva de l'Associació d'Escriptors i Esriptors en Llengua Gallega (AELG) i del consell de redacció de la *Revista Galega de Educación*.  
Més informació a: <http://www.rosaliafernandezrial.com>

na poesia galega, desenvolve multitude de experiencias que mesturan a poesia con outras linguaxes creativas, ben en solitario ou en colaboración con outros artistas. Foi distinguida con varias bolsas internacionais de creación en residencia: en 2011 no IWTCR de Rodas (Grecia) e mais na Villa Waldberta (Múnic), en 2014 no HIP-Beijing (China) e en 2016 no Castelo de Hawthornden (Escocia).

**ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL (1988)** é licenciada en Filoloxía, doutora en Didáctica das Linguas e da Expresión Dramática pola Universidade de Santiago de Compostela e ten formación en artes escénicas e musicais. Pero, sobre todo e desde moi nova, dedícase á escrita.

Actualmente exerce como profesora de lingua e literatura e está implicada en diversos proxectos artísticos e pedagóxicos de carácter interdisciplinar.

Como poeta ten publicados os seguintes libros: *En clave de sol* (2009), *Átonos* (2011), *Vinte en escena* (2012), *Un mar de sensacions* (2012), *Ningún amante sabe conducir* (2014), *Contra-acción* (2016) ou *Sacar a bailar* (2016). Títulos que cos que se metamorfosea en presentacións performánticas e musicais.

*Aulas sen paredes* (libro-DVD, 2016) é a súa obra de ensaio máis relevante, que deriva da tese de doutoramento defendida ese mesmo ano e inclúe un documental audiovisual coa intervención didáctica na que usa a expresión dramática e teatral como ferramentas pedagóxicas para o ensino e aprendizaxe de linguas. Esta obra vén de ser premiada na II Gala do Libro Galego como mellor iniciativa bibliográfica do 2016.

Ademais, Rosalía forma parte da directiva da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e do consello de redacción da *Revista Galega de Educación*.

Máis información en: <http://www.rosaliafernandezrial.com>



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

**LLLL** institut  
ramon llull  
Llengua i cultura catalanes